

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES  
CURSO: 3º PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
1. Definir localidade e identificar os diferentes tipos de localidades que hai.	1.1. Define localidade, coñece os seus tipos e úsaos para comparar e clasificar localidades.	CCL, CSEC CEC
	1.2. Recoñece algunhas características propias das cidades e das al-deas e diferencia en-tre poboación rural e urbana	CCL CSEC CEC
2. Diferenciar os distintos tipos de barrios que hai nas localidades.	2.1. Define barrio e identifica, describe e compara distintos tipos de barrio, segundo a súa antigüidade e a súa situación.	CCL CSEC CEC
3. Identificar e nomear os diferentes elementos que compoñen as rúas da localidade.	3.1. Define, recoñece e localiza os diferentes elementos visibles e ocultos	CCL, CSEC CEC

	que compoñen a rúa.	
4. Definir concello e coñecer diferentes acepcións do termo.	4.1. Define concello e coñece as diferentes acepcións e significados que ten.	CCL, CSEC CEC
5. Comprende a estrutura básica dos concellos.	5.1. Explica a estrutura do concello e as funcións que realiza.	CCL CSEC CEC
6. Coñece os servizos municipais dos que se encarga o concello.	6.1. Nomea e describe os servizos municipais e identifica tarefas que realiza cada un	CCL CSEC CEC
7. Recoñece o proceso das eleccións municipais.	7.1. Coñece e comprende cada unha das fases do proceso das eleccións municipais	CCL CSEC CEC
1. Identificar os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa nel.	1.1. Identifica os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa nel.	CCL CAA
2. Coñecer as capas que forman a Terra e	2.1. Coñece as capas que forman a Terra e describe algunhas	CCL CAA

describir algunhas das súas características.	das súas características.	
3. Explicar os movementos que realiza a Terra, identificando o movemento de rotación e o de translación, e as súas consecuencias	3.1. Explica o movemento de rotación e as súas consecuencias.	CMCT
	3.2. Explica o movemento de translación terrestre e define ano e establece a súa equivalencia en días.	CCL CAA
4. Describir características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares.	4.1. Describe as características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, e identifica as fases.	CCL CEC CAA
5. Describir e definir o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre.	5.1. Describe e define o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre.	CCL CAA CEC
	5.2. Define día e hora como unidades para medir o tempo.	CCL CAA CEC

7. Identificar as estacións, fixar a súa duración e describir a luz solar nelas e os seus efectos.	7.1. Identifica as estacións, fixa a súa duración e describe a luz solar nelas e os seus efectos nas estacións	CCL, CMCT, CSC
1. Explicar que é unha paisaxe, os elementos máis representativos do medio físico e as súas características.	1.1. Identifica os elementos da paisaxe na realidade e en imaxes.	CCL CSEC CEC
2. Identificar a paisaxe natural e a paisaxe humanizada, comparándoos entre eles.	2.1. Clasifica paisaxes do seu contorno aplicando distintos criterios.	CCL CSEC CEC SIEP
	2.2. Coñece as causas naturais e as causas humanas que producen ou provocan os cambios na paisaxe.	CCL CSEC CEC SIEP
4. Identificar, definir e diferenciar as formas típicas do relevo da paisaxe de chaira.	4.1 .Identifica, define e diferencia chaira, meseta, depresión, veiga, páramo.	CCL CSEC

5. Identificar, definir e diferenciar as formas típicas do relevo da paisaxe de costa.	5.1. Distingue entre costa alta e costa baixa.	CCL CSEC
	5.2. Identifica, define e diferencia golfo, baía, enseada ou cala, cabo, península, istmo, illa, arquipélago.	CCL CSEC

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades.</li> <li>- Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado.</li> <li>- Análise das actividades e dos traballos realizados.</li> </ul> <p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados.  Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b><u>3ª Avaliación</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.</li> <li>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.</li> </ul> <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-<u>Alumnado coa media suspensa: Poderá <b>optar</b></u> ao aprobado na área presentando as tarefas proposta polo profesorado.</li> <li>-<u>Alumnado coa media aprobada: Poderá <b>optar</b></u> a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado.</li> </ul> <p><b><u>Avaliación final</u></b></p> <p style="text-align: center;">Será a media das tres avaliacións</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Valorarase o traballo diario dos exercicios propostos no blog, actividades de investigación, observación das realizacións...</li> </ul> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.</li> <li>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva.</li> </ul>



	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.</li><li>- Análise de producións e traballos.</li></ul> <p>Instrumentos:</p> <p>Alumnado: Actividades e traballos realizados</p> <p>Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado.</p>
--	--

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de investigación, lectura, creación.... para repaso e ampliación.</li> <li>- Actividades de repaso, reforzo e ampliación (cando cumpra) con libros de texto e fichas, como: lectura de diferentes tipos de textos, propostas de comprensión, completar oracións, relacionar diferentes aspectos, emparellar, buscar datos, formulación de preguntas, ver vídeos, redacción de textos coas partes correspondentes...</li> <li>- Actividades de recuperación relacionadas cos contidos traballados no 1º e 2º trimestres, como poden ser: lectura de textos, exercicios de completar, contestar preguntas, elaborar pequenos textos, contestar cuestionarios...</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través do blog de 3º, empregando tamén o correo electrónico e teléfono.</p> <p>Tentarase desenvolver no alumnado as estratexias de planificación, correcta realización e revisión/autocorrección.</p> <p><u>Con conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.</li> <li>- Lectura de textos relacionados co currículo.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando materiais como libros de texto e fichas.</li> </ul> <p><u>Sen conectividade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.</li> <li>- Lectura de textos relacionados co currículo.</li> <li>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios (utilizando materiais como libros de texto e fichas).</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros de texto, recursos didácticos atopados na web.</li> <li>- Recursos TIC: blog do curso, páxina web do centro, correo electrónico, e Abalar.</li> <li>- Teléfono en casos necesarios</li> </ul>



<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de mensaxe por Abalar, correo electrónico e teléfono.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.